



## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE FERROL PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

D. **Román Rodríguez González**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **José Manuel Rey Varela**, alcalde do concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que o 5 de febreiro de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o concello de Ferrol para a mellora das instalacións deportivas dos centros educativos de titularidade municipal, en concreto nos CEIPs que se detallan a continuación e para as actuacións que se indican:





1. CEIP de Pazos: Substitución do canelón no linde norte, Reparación portalón de acceso en linde norte, Pasivización estrutura de aceiro, Substitución de luminarias, Habilitación de espazo para almacén, Reposición de pavimento na pista exterior, Reparación peche de elementos prefabricados de formigón
2. CEIP Plurilingüe A Laxe: Reparación e pasivización de estrutura de aceiro, Reposición de ferros de aceiro de cuberta., Peche perimetral pavillón.
3. CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira: Reposición pavimento, Mellora acústica e térmica da cuberta, Substitución de canelóns e baixantes en mal estado, Substitución de luminarias.
4. CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte: Reposición de pavimento en pista deportiva situada ao noroeste, Reposición drenaxe lateral, Reposición de pavimento en pista deportiva, Montaxe de varanda en lateral de escaleira de acceso á deportiva situada ao noroeste, Reparación murete perimetral.
5. CEIP Cruceiro de Canido: Substitución de canalóns en mal estado, Pintado fachada, Repintado de liñas pista deportiva, Pasivización estrutura de aceiro, Substitución de luminarias.
6. CEIP Plurilingüe Ángela Ruiz Robles: Substitución de carpinterías, Substitución de luminarias, Reparación panelado de madeira, Pintado paramentos verticais.
7. CEIP de Ponzos: Repintado de liñas pista deportiva, Substitución de luminarias.
8. CEIP de Esteiro: Reposición de ferros de aceiro de cuberta, Selado xunta de dilatación, Substitución de luminarias, Substitución de carpintería exterior, Reposición albardilla en fachada.



9. CEIP Isaac Peral: Reparación entradas de auga en encontros de ferros de policarbonato, Reposición de pavimento, Substitución de luminarias, Reposición drenaxe exterior, Reparación alicerces.

10. CEIP Leticia: Reparación entradas de auga en encontros de ferros de policarbonato, Reposición de pavimento, Substitución de luminarias, Reposición de paneis de policarbonato en fachada, Construción de drenaxe perimetral, substitución portalón acceso.

**SEGUNDO.** – Que a cláusula oitava do convenio establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do concello é o 30 de novembro de 2025.

**TERCEIRO.**- Que o 17 de setembro de 2025 o Concello de Ferrol presenta unha solicitude de ampliación do prazo para presentar a documentación xustificativa. A solicitude ven fundamentada no informe emitido polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Obras e Servizos, no que se indica que:

*"A meirande parte das obras corresponden a melloras puntuais nas infraestruturas deportivas de escasa entidade, outras corresponden a labores de pintado de edificacións e de pistas deportivas como a súa renovación integral.*

*Tamén se contemplan a realización de pequenas edificacións, restauración de fachadas e cubertas, drenaxes perimetrais, remodelación de desaugadoiros e pequenas melloras en elementos estruturais de soporte.*

*Se adoptan tamén a reparación e substitución das luminarias de algúns pavillóns deportivos.*

*Moitas das partidas contemplan materiais comerciais de carácter local e habitual en algunhas instalacións cuxo subministro faise con marcas comerciais de fabricación a nivel nacional e outras están suxeitas a importación.*



*É neste caso nos que as empresas tiveron a ben notificarnos de que o subministro destes vai sufrir un atraso importante dentro da planificación proposta para o cumprimento dos prazos establecidos nos colexios.*

*Este atraso ben xustificado por causas alleas as empresas e a propia administración que tutela os contratos por mor de o incremento nas taxas de importación e aranceis impostas polos países de orixe onde se fabrican, sinalando que algunhas delas sofren atrasos no seu establecemento afectando polo tanto ao subministro destas materias primas.*

*Tal é o caso de certas pinturas e polímeros que empregan as unidades de obra recollidas nos proxectos, ademais dos que afectan aos materiais de peches, cubertas, parafusos, luminarias e pinturas especiais para as pistas deportivas.*

*O atraso que se rexistra no subministro das materias que se solicitan condiciona o inicio e o remate na meirande parte das instalacións dos colexios e so pódese emprender traballos de escasa entidade que comprometen o prazo establecido inicialmente."*

*Polos motivos expostos conclúese que se considera "necesario solicitar unha prorroga para a presentación da documentación xustificativa da subvención por parte do Concello de Ferrol que atendendo ao Convenio asinado no seu día, que establecía na a Cláusula Oitava.- Xustificación e pagamento apartado 6 a data de 30 de novembro de 2025.*

*Entendemos que o atraso nas obras vaise a producir por "causas alleas" tanto a propia administración contratante como as empresas adxudicatarias que vense afectadas polas causas descritas no apartado 2.- Xustificación e motivos para solicitude de prorroga, e polo tanto PROCEDE que por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional se CONSIDERE a VIABILIDADE da mesma."*

As razóns expostas xustifican a solicitude formulada, e razóns de interese público aconsellan a tramitación da presente addenda, na medida en que resulta imprescindible para a completa execución do proxecto subvencionado, motivo polo que as partes





## ACORDAN

### PRIMEIRO.-OBXECTO

Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado o 5 de febreiro de 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Ferrol para a mellora das instalacións deportivas nos centros educativos de titularidade municipal, pola que se modifica o prazo para a presentación da documentación xustificativa establecido na cláusula oitava que queda redactada como segue:

### "Oitava.- Xustificación e pagamento

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:



a) Certificación expedida pola Secretaría do concello , relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como una declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións urxentes e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo Concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo o Concello contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedinte, quedando constancia no expediente



mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de xeito razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

5. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Concello será o **19 de decembro de 2025**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A cantidade máxima que se obrigan a achegar as partes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado tal como se recollen no documento "Avance de memoria valorada de obras de mellora das instalacións deportivas nos centros educativos municipais", elaborado polo arquitecto Luis Felipe Cabezas Torrelo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo serán compensables entre si as partidas previstas na cláusula segunda para



cada un dos centros docentes, sempre que as actuacións realizadas garden relación co obxecto establecido na cláusula primeira.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: "1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".

## **SEGUNDO.- PUBLICIDADE E REXISTRO DA ADDENDA. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS**

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





### TERCEIRO.- CONDICIÓN

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Pola Consellería

Polo concello

O conselleiro

O Alcalde

P.D. Orde 05/06/2024 (DOG núm.114 do  
13/06/2024)

José Manuel Rey Varela

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

